

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 17 de outubro de 2016 pola que se anuncia procedemento para cambio de destino e reingreso a resultas de profesores especiais de institutos técnicos das ensinanzas medias que se van extinguir.*

Ao estaren vacantes os postos que se determinan no anexo I adxunto a esta orde, procede ofrecelos aos profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias, integrados no dito corpo polo Real decreto 1467/1998, do 2 de decembro, e que se atopan prestando servizos en centros situados no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Por todo iso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### RESOLVE:

Primeiro. Facer pública a relación de postos vacantes que se indican no anexo I desta orde, que poden ser cubertos polos profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias que reúnen os requisitos previstos nesta orde.

Segundo. Poderán optar voluntariamente á praza anunciada nesta convocatoria dirixindo a súa instancia á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos termos indicados na base décimo segunda, os funcionarios que se atopen nalgunha das situacións que se indican a seguir:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais.

c) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria. Se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular recollida na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG do 4 de maio), só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorreu un ano desde que pasaron a esta situación.

Terceiro. Para participar neste proceso, os interesados deberán cubrir a instancia no modelo que se xunta como anexo II desta orde, consignarán nela os centros que soliciten



por orde de preferencia, especificando o código de centro, a localidade e o nome do centro, así como cantos datos se requiren nela. Xunto coa instancia deberán achegar a documentación acreditativa dos méritos alegados na forma especificada no anexo III.

Cuarto. A instancia orixinal, así como a documentación a que se alude no punto anterior, dirixiranse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e poderán presentarse:

- a) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
- b) Nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.
- c) Na secretaría do centro educativo en que presta servizos o persoal concursante.
- d) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do anterior, deberá terse en conta que para outros efectos distintos do concurso de traslados, as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas en que poden presentarse documentos dirixidos a calquera organismo público.

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será desde o día 8 de novembro de 2016 ao 28 de novembro de 2016, ambos os dous incluídos. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas.

Quinto. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos baremará os méritos, adxudicará os destinos e exporá a resolución provisional na páxina web da consellería ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)). As ditas adxudicacións realizaranse seguindo as puntuacións obtidas polos participantes e tendo en conta a orde por eles establecida na súa petición de postos.

No caso de que se produzan empates no total das puntuacións, estas resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo, pola orde en que aparecen nel e, se é o caso, pola maior puntuación nas subepígrafes, seguindo igualmente a mesma orde.

Sexto. Os participantes poderán presentar reclamacións á resolución provisional, a través do órgano en que presentaron a súa instancia de participación, no prazo de dez días naturais, contados a partir da data de exposición da dita resolución.



Sétimo. Resultas as reclamacións a que se refire o punto anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos elevará a definitiva a resolución provisional e publicaraa no *Diario Oficial de Galicia*. Os destinos obtidos na dita resolución serán irrenunciabes e os interesados deben incorporarse a eles o 1 de setembro de 2017.

Oitavo. Para a avaliación das solicitudes de reingreso, teranse en conta os méritos que en tempo e forma aleguen e xustifiquen dos especificados no anexo III desta orde.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO I

Vacantes: 1.

Localidade: IES As Lagoas, Ourense.

Código: 32009190.



## ANEXO II

Datos de identificación		Disciplina	
Corpo a que pertence			
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
Primeiro apelido	Segundo apelido		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
Nome	DNI	NRP	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Enderezo para os efectos de notificación			
Rúa e nº	<input type="text"/>	Teléfono	<input type="text"/>
Localidade	<input type="text"/>	Código postal	<input type="text"/>
Datos destinos			
Centro de destino definitivo 2016/17		Localidade	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
Centro de destino provisional 2016/17		Localidade	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
Centro que solicita		Código	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		



**ANEXO III**  
**Baremo**

1. Servizos prestados ata	2,00 puntos	
Por cada ano de permanencia ininterrompida no centro desde o cal solicita o cambio de posto de traballo	0,300 puntos	Certificado da delegación provincial correspondente.
2. Antigüidade ata	2 puntos	
Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de institutos técnicos de ensinanzas medias ou por cada ano completo de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal vario	0,200 puntos	Certificado da delegación provincial ou delegacións provinciais, se é o caso.
3. Méritos académicos (titulacións), ata	4,00 puntos	
3.1. Por cada título de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto	2,00 puntos	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento de taxas para a súa expedición.
3.2. Título de licenciado en Educación Física	3,00 puntos	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento de taxas para a súa expedición.
3.3. Por cada diploma universitario, certificado do primeiro ciclo universitario, título de enxeñeiro, arquitecto técnico ou formación profesional de segundo	0,75 puntos	

